



# BOP

## DEPUTACIÓN DE LUGO

VENRES, 17 DE MARZO DE 2023

N.º 063

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

#### Anuncio

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

.- MURAS.- HUMANIZACIÓN DO CAMPO DA FEIRA DO VIVEIRO

EXPTE GTM: 2022/CON\_02/000086

.- BALEIRA- POL.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL CON REGOS CON GRAVILLA LU-P-0406 "MARTÍN (LU-P-5401) - CRENDE (LU-P-4606)", P.K 0+000 A 5+077

EXPTE GTM: 2023/CON\_02/000019

.- COSPEITO - CASTRO DE REI.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-1611 "FEIRA DO MONTE (LU-111) - CASTRO", P.K. 2+450 A 2+750; 5+200 A 6+500 E 7+300 A 8+600

EXPTE GTM: 2023/CON\_02/000022

.- LUGO-GUNTÍN.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-1611 "CINTURÓN COMARCAL", P.K. 17+438 A 27+962

EXPTE GTM: 2023/CON\_02/000023

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lugo, 10 de marzo de 2023.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0748

#### CONCELLOS

#### BECERREÁ

#### Anuncio

#### EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 09/03/2023, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de marzo do 2023 da taxa pola prestación do servicio de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente pone en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 09/05/2023. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seránllas cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seránllas enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederáse á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 10 de marzo de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0734

#### CHANTADA

##### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 06/03/2023 aprobouse o Padrón de contribuíntes obligados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo madrugadores correspondentes a febreiro 2023.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo madrugadores correspondentes a febreiro 2023 terá lugar neste municipio dende o día 7 de marzo de 2023 ata o día 8 de maio de 2023.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 8 de marzo de 2023.- O alcalde, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 0735

##### *Anuncio*

O pleno do Concello de Chantada , na sesión extraordinaria do día 09/03/2023 acordou aprobar definitivamente o regulamento do servizo madrugadores seguinte:

#### REGULAMENTO DO SERVIZO DE MADRUGADORES NOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE CHANTADA

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A corresponsabilidade forma parte da axenda política de todos os estados membros da Unión Europea, como unha das ferramentas a través das cales se concreta a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Deixando de ser un “problema de mulleres” para ser un problema social.

Todas aquelas accións que fomentan a corresponsabilidade levan aparellado unha sociedade máis igualitaria, axudan a diminuir o descenso da natalidade, posibilitan que as mulleres permanezan no seu traballo, desenvolvan a súa carreira profesional e acheguen aos homes aos coidados.

Por todo o anterior, e sempre coa finalidade de mellorar o benestar das familias, o Concello de Chantada asume unha política de socialización das cargas familiares e de fomento da corresponsabilidade entre mulleres e homes.

Esta política de corresponsabilidade xa quedou reflectida no III Plan de igualdade, cuxo capítulo V, recolle como medida prioritaria “Aumentar o horario de apertura dos centros escolares infantís”, a través de programas de atención a menores. Medida que quedará instrumentada a través da posta en marcha do “Programa Madrugadores” para o cal se presenta para aprobación a regulación do servizo de “Madrugadores” do Concello de Chantada.

#### Artigo 1. Obxecto.

O presente regulamento ten por obxecto establecer a regulación das condicións xerais de organización, funcionamento e admisión do “Servizo de Madrugadores” nos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Chantada.

#### Artigo 2. Función e ámbito de aplicación.

O “Servizo de Madrugadores” consiste na custodia, coidado e atención das/os alumnas/os nos centros públicos referidos, antes do inicio de cada xornada lectiva durante o horario establecido, así como a prestación do servizo de almorzo para as persoas interesadas.

O servizo ten unha función social e educativa. Proporciona ás crianças unha atención integral, a través dun programa global que pretende garantir o desenvolvemento de habilidades físicas, cognitivas e sociais.

Madrugadores abrangue dende o primeiro curso de Educación Infantil ata o sexto curso de Educación Primaria.

#### Artigo 3. Obxectivos.

Os obxectivos xerais encamíñanse á consecución de hábitos saudables, á conciliación da vida laboral e familiar e a un desenvolvemento psicosocial adecuado das crianças usuarias. Para conseguilos, traballarase máis especificamente nos seguintes aspectos:

- Proporcionar ás familias un servizo que garanta a conciliación da vida laboral e familiar.
- Fomentar nas/os nenas/os hábitos de vida saudable.
- Programar actividades específicas adaptadas ás particularidades das/os participantes.
- Promover as capacidades das/os menores atendendo ás necesidades particulares, favorecendo sempre a integración positiva e igualitaria.
- Fomentar a resolución de conflitos a través da comunicación assertiva.
- Establecer un lazo comunicativo coas familias para adecuar actividades, para asesoramento e para unha mutua colaboración naquelas situacións que requirianas/os menores.
- Proporcionar actitudes de respecto e valoración da contorna así como o seu coñecemento.

#### Artigo 4. Beneficiarias/os.

Os/as alumnos/as do respectivo centro escolar no que estean matriculados/as que cumpran os requisitos de acceso e permanencia establecidos no presente regulamento.

Abrirase un expediente persoal, de carácter confidencial, con datos de filiación, sanitarios e outros que poidan ser de interese para o bo funcionamento do programa.

#### Artigo 5. Modalidade.

O Servizo de Madrugadores desenvolverase os días lectivos de luns a venres, de 7:30 ata o comezo da xornada escolar.

Poderase utilizar en días soltos, sempre e cando haxa vacantes. En todo caso, a asistencia de máis do 50% dos días nun período de dous meses consecutivos, implicará a clasificación como usuario/a ordinario, a todos os efectos, especialmente aos referidos ao pagamento.

Todas/os usuarias/os poderán escoller entre almorzar no centro ou non, independentemente da modalidade de asistencia.

#### Artigo 6. Solicitudes.

As/os nais/pais ou titores das crianzas interesadas, presentarán a solicitude de inscrición no Rexistro Xeral do Concello, do 15 de maio ao 15 de xuño de cada ano. O modelo de inscrición facilitarase no Rexistro Xeral, nos Servizos Sociais e na páxina web do Concello e incorpórarse como Anexo ao presente Regulamento. Poderán presentarse solicitudes a mediados de curso, que serán admitidas únicamente no caso de que houbera vacantes. As novas solicitudes ordenaranse conforme aos criterios de admisión previstos no artigo 7, sen que en ningún caso supoña a revisión de prazas xa concedidas.

#### Artigo 7. Criterios de admisión.

As solicitudes de inscrición deberán ir acompañadas dos seguintes documentos:

- DNI, NIE ou equivalente do pai, nai ou tutor/a.
- Libro de Familia, Titulo de Familia numerosa, resolución de acollemento ou equivalente.
- Tarxeta sanitaria ou documento equivalente da crianza.
- Certificado médico do/a neno/a . En caso de ter intolerancias, alerxias ou enfermidades que poidan incidir na prestación do servizo deberá incorporarse declaración das mesmas.
- De ser preciso, aqueles outros documentos que acrediten o dereito a bonificacións ou exencións, así como aqueles que permitan aplicar os criterios de selección establecidos no artigo 8 (ingresos unidade familiar, discapacidade, título de familia numerosa).
- Certificado bancario de número de conta.

#### Artigo 8. Criterios Para a adxudicación das prazas terán preferencia:

1.- As familias monoparentais cando aquela que ostente a garda e custodia acredite estar traballando ou estudiando.

2.- As familias nas que traballen/estuden os dous proxenitores ou titores.

3.- As familias con crianzas que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

No caso de que as persoas inscritas superen o número de prazas ofertadas, a inclusión no servizo seguirá a orde establecida nestes requisitos, en caso de empate efectuarase por orde de rexistro de entrada.

Concluído o proceso de selección publicaranse na páxina web do Concello dúas listaxes, unha definitiva de admitidas/os e outra de agarda coas persoas non admitidas, que se irán incorporando no servizo cando se produzan baixas. No caso de renuncia da praza pasarase a ocupar o último posto da listaxe de agarda.

#### Artigo 9. Baixas

- a) Remate do curso escolar
  - b) Por solicitude dos pais, nais ou representantes legais, que se presentará segundo o modelo aprobado de acordo co establecido neste regulamento.
  - c) Falta de asistencia continuada do servizo durante 15 días lectivos ou 30 alternos sen previo aviso nin causa xustificada. En todo caso, as ausencias xustificadas non poderán ser superiores a 2 meses, polo que, transcorrido dito prazo darase baixa definitiva.
  - d) Falta de pagamento de dúas cotas mensuais.
- f) Cando non se presente a documentación nos prazos establecidos ao efecto ou se comprobe a súa falsidade.

#### Artigo 10. Pagamento do servizo

O prezo pola asistencia ao “Servizo de Madrugadores” será o que se estableza no acordo regulador do prezo público do servizo de madrugadores do Concello de Chantada, que se aprobará paralelamente ao presente Regulamento.

**ANEXO I.- MODELO DE INSCRICIÓN**

|   |    |            |                           |
|---|----|------------|---------------------------|
| <b>SOLICITUDE ALTA NO SERVIZO MADRUGADORES</b>                        |    |            |                           |
| <b>DATOS DA NAI/PAI OU TITOR/A</b>                                    |    |            |                           |
| NOME  |    | 1º APELIDO |                           |
| 2º APELIDO  |    | NIF        |                           |
| ENDEREZO POSTAL   |    |            |                           |
| CIDADE  |    | PROVINCIA  |                           |
| CÓDIGO POSTAL   |    | TELÉFONO   |                           |
| EMAIL   |    |            |                           |
| <b>DATOS DO/A ALUMNO/A</b>  |    |            |                           |
| NOME  |    | 1º APELIDO |                           |
| 2º APELIDO  |    | CURSO      |                           |
| DATA NACIMENTO  |    |            |                           |
| <b>SOLICITO SERVIZO DE MADRUGADORES (MARCAR CON X O QUE SOLICITA)</b> |    |            |                           |
| CON ALMORZO   |    |            | SEN ALMORZO               |
| TODOS OS DÍAS   |    |            | DÍAS SOLTOS               |
| CEIP XOAN DE REQUEIXO   |    |            | CEIP ELOISA RIBADULLA     |
| HORARIO DE ENTRADA  |    |            |                           |
| <b>SOLICITO BONIFICACIÓN</b>  |    |            |                           |
| FAMILIA NUMERORA  |    |            | RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL |
| <b>DATOS BANCARIOS DO PAGADOR DO SERVIZO *</b>                        |    |            |                           |
| IBAN  | ES |            |                           |

\*Mediante a sinatura desta orde de domiciliación o/a debedor/a autoriza ao Concello de Chantada a enviar as instruccións á entidade bancaria correspondente para adebedar na súa conta segundo as instruccións do Concello.

**DOCUMENTACIÓN**

- Fotocopia do DNI, NIE ou equivalente da nai, pai ou persoa que exerce a tutela.
- Fotocopia do Libro de Familia, resolución de acollemento ou equivalente.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria ou documento equivalente da crianza.
- Certificado médico do/a neno/a . No caso de ter intolerancias, alerxias ou enfermidades que poidan incidir na prestación do servizo deberá incorporarse declaración das mesmas.
- De ser preciso, aqueles outros documentos que acrediten o dereito a bonificacións ou exencións, así como aqueles que permitan aplicar os criterios de selección establecidos no artigo 8 (ingresos unidade familiar, discapacidade, título de familia numerosa etc..)
- Certificado bancario de número de conta.

\_\_\_\_\_ , \_\_\_ de \_\_\_\_\_. do \_\_\_\_\_.

Firma,

**ANEXO II****PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL****CONSENTIMENTO E DEBER DE INFORMAR AOS INTERESADOS SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS**

Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos chegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas.

**Información básica sobre protección de datos Responsable:** Concello de Chantada

**Finalidade:** Tramitar procedementos e actuacións administrativas.

**Destinatarios:** Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.

**Dereitos:** Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.

**Información Adicional:** Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección:

<https://chantada.sedelectronica.es>

Presto/Non presto (Subliñe o que proceda) o meu consentimento para que os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña poidan ser utilizados para o envío de información de interese xeral.

**Información básica sobreprotección de datos**

**Responsable:** Concello Chantada.

**Finalidade Principal:** Informar sobre as actividades que se realizan polo Concello de Chantada.

**Destinatarios:** Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.

**Dereitos:** Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.

**Información Adicional:** Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección:

<https://chantada.sedelectronica.es>

**Firma**

PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables.

Firma

En \_\_\_\_ Data (dd/mm/aaaa)

Chantada, 13 de marzo de 2023.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 0744

## O CORGO

### *Anuncio*

#### **CONVOCATORIA PARA A ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ TITULAR DO CONCELLO DO CORGO**

De conformidade co acordo adoptado pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 3 de marzo de 2023, é á vista de que transcorreu un periodo de 4 anos do nomeamento do Xuíz de Paz Titular do Concello do Corgo, faise pública a convocatoria para a elección do Xuíz de Paz titular, que será elixido polo Pleno do Concello.

- ◆ **Obxecto:** Elección do Xuíz de Paz titular do Concello do Corgo.
- ◆ **Condicóns legais que deben reunir os solicitantes:** Ser español, maior de idade e, aínda non sendo licenciado en dereito, reúna os requisitos establecidos na Lei Orgánica do Poder Xudicial para o ingreso na carreira xudicial e non estea incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas no desenvolvemento das funcións xudiciais, a excepción do exercicio de actividades profesionais ou mercantís.
- ◆ **Prazo de presentación de solicitudes:** quince días hábiles a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
- ◆ **Lugar de presentación de instancias:** As solicitudes, dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no rexistro xeral do Concello do Corgo, ou por calquera dos medios a que fai referencia o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- ◆ **Documentos que deben acompañar coa solicitude:**
  - Fotocopia autenticada do DNI.
  - Certificación do Rexistro Central de Penados ou Rebeldes e declaración complementaria á que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/1980 no seu punto 1.a) referente a "se está inculpado ou procesado".
  - Certificado médico acreditativo de non estar impedido física ou psiquicamente para o exercicio das funcións propias do cargo.
  - Xustificación dos méritos (de alegalos o solicitante).

O Corgo, 13 de marzo de 2023.- O ALCALDE, Felipe Labrada Reija.

R. 0750

## GUNTÍN

### *Anuncio*

#### **RELACIÓN DE APROBADOS NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA. AUXILIARES DE AXUDA A DOMICILIO**

Concluído o procedemento PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDADE COMO PERSOAL LABORAL FIJO DE 3 AUXILIARES DE AXUDA A DOMICILIO, PROCEDEMENTO DE CONCURSO DE MÉRITOS, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE GUNTIN PARA O ANO 2022, PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN PREVISTA NAS DISPOSICIÓNNS ADICIONAIS SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO, segundo as Bases aprobadas por Resolución da Alcaldía 14 de novembro de 2022 publicadas no BOP de Lugo nº 262 de data 16 de novembro de 2022

Publicase para o seu xeral coñecemento a relación de aprobados por orde de puntuación, que é o seguinte:

| NOME E APELIDOS                | DNI       | PUNTUACIÓN |
|--------------------------------|-----------|------------|
| FERNÁNDEZ LÓPEZ MARÍA CARMEN   | --8405--- | 100,00     |
| LÓPEZ GÓMEZ ISABEL             | --5444--- | 89,30      |
| CABANAS FERREIRO MARÍA LOURDES | --8597--- | 78,96      |
| LÓPEZ GARCÍA MARTA             | --5455--- | 40,58      |

Atendendo á anterior lista, proponse o nomeamento a favor de:

FERNÁNDEZ LÓPEZ MARÍA CARMEN DNI: \*\*8405\*\*\*

LÓPEZ GÓMEZ ISABEL DNI: \*\*5444\*\*\*

CABANAS FERREIRO MARÍA LOURDES DNI: \*\*8597\*\*\*

As aspirantes propostas deberán acreditar ante este Concello, no prazo de vinte días dende a publicación do presente anuncio os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria

Guntín, 13 de marzo de 2023.- A Alcadesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 0745

#### *Anuncio*

#### RELACIÓN DE APROBADOS NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA. PEÓN LIMPIADOR EDIFICIOS MUNICIPALES

Concluído o procedemento PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDADE COMO PERSOAL LABORAL FIJO DE 1 PEÓN LIMPIADOR EDIFICIOS MUNICIPALES, PROCEDIMENTO DE CONCURSO DE MÉRITOS, INCLUIDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE GUNTIN PARA O ANO 2022, PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN PREVISTA NAS DISPOSICIÓNIS ADICIONAIS SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO, segundo as Bases aprobadas por Resolución da Alcaldía 14 de novembro de 2022 publicadas no BOP de Lugo nº 262 de data 16 de novembro de 2022

Publicase para o seu xeral coñecemento a relación de aprobados por orde de puntuación, que é o seguinte:

| NOME E APELIDOS           | DNI       | PUNTUACIÓN |
|---------------------------|-----------|------------|
| LODEIRO SOUTO JOSÉ MANUEL | --3340--- | 69,10      |
| CORRAL VILELA ANA MARÍA   | --7942--- | 0,00       |

Atendendo á anterior lista, proponse o nomeamento a favor de:

LODEIRO SOUTO JOSÉ MANUEL, DNI: \*\*3340\*\*\*

A aspirante proposta deberá acreditar ante este Concello, no prazo de vinte días dende a publicación do presente anuncio os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria

Guntín, 13 de marzo de 2023.- A Alcadesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 0746

#### MONDOÑEDO

#### *Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno da corporación, en sesión extraordinaria e urgente celebrada en data 13 de marzo de 2023, o expediente para a redución da liña límite de edificación no solo rústico de 15 a 7 metros, ao abeiro do artigo 41 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, ábrese un prazo de información pública de trinta días hábiles a contar dende o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Mondoñedo, 13 de marzo de 2023.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 0743

## SOBER

### *Anuncio*

#### ANUNCIO AMPLIACIÓN 1ª FASE

Por resolución de Alcaldía de data de 07 de Marzo de 2023, por existencia de crédito para concesión de subvencións destinadas a rehabilitación de edificios e vivendas na área de rehabilitación integral (ARI) municipio de Sober, Addenda asinada o 21 de Decembro do 2022 para a ampliación do prazo de ejecución das actuacións a desenvolver nas Áreas de Rexeneración e Renovación Urbanas na Comunidade Autónoma de Galicia, relacionadas en dito acordo do Plan Estatal de Fomento do alugamento de vivendas, a Rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e a súa prorroga, acordouse abrir un novo prazo para a presentación de solicitudes de axudas para obras de rehabilitación de vivendas, para a ampliación da 1ª fase cun prazo de 20 días naturais dende a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e de acordo coas bases publicadas no BOP da provincia de Lugo, de data de 17 de febreiro de 2016, de concesión de subvencións da área de rehabilitación integral (ARI), municipio rural de Sober (Lugo).

Sober, 8 de marzo de 2023.- O alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 0736

## VIVEIRO

### *Anuncio*

Con data 10 de marzo do 2023, por Resolución de Alcaldía, procédese á aprobación do seguinte padrón fiscal:

| <b>Tributo</b>                                     | <b>Exercicio</b> | <b>Importe</b>   |
|--|------------------|------------------|
| Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) . | 2023 .....       | ..701.624,34.- € |

De conformidade disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a LeiXeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seuexame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das FacendasLocais, no prazo de un mes ante o Alcalde. Se o recurso non se resolvese no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acuerdo disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

#### **Anuncios de cobranza:**

De acuerdo previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o RegulamentoXeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día 31 de marzo de 2023 ata o 31 de maio de 2023, ambos inclusive.

Os contribuíntespoderanaboar os seus recibos en calquera oficina de ABANCA corporación bancaria S.A. eCaixabank SA. (A Caixa) dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten estabrecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida a seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán presentarse a partir do 17 de abril de 2023 na oficina de Recadación do Concello de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas das entidades antes indicadas.

Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caixas de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do RegulamentoXeral de Recadación, e abvítese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciaráse o período de conxinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro, 10 de marzo 2023.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 0756

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

#### *Anuncio*

Dado que o Concello de A PASTORIZA (LUGO) non elixiuvíz de paz **SUBSTITUTO/A** para a dita localidade, realizaseunha convocatoria para que, no prazo de 15 días computados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, todos cantos teñan interese en acceder ódevandito cargo dirixanunha instancia á presidencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na Coruña facendo constar o seguinte:

- 1º)Nome, apelidos, DNI (fotocopia), idade e endereço.
- 2º) Se desenvolveron o cargo de xuíz de paz, e se o fixeron como titular ou como substituto.
- 3º) Méritos que estimen oportunos.
- 4º) Profesión actual.

Todo istofaise público, en cumprimento do acordo da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para coñecemento de todos os interesados en solicitar a prazaantedita.

A Coruña, 2 de marzo de 2023.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 0737

#### *Anuncio*

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, nasúaxuntanza do día **24/02/2023**, accordounomear, por un periodo de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellosdestaComunidade Autónoma que másabaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foronelexido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seusmembros.

**XERMADE: titular: DOÑA MARÍA ELENA EIMIL CODESAL. DNI 7657\*\*\*\*\*.**

Contra este acordopoderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o ConselloXeral do Poder Judicial no prazodun mes contado desde o día seguinteao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiverexercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do siguienteao da publicación do seunomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramentoou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aquelesxuíces de paz nomeados que estean incursos nalgúnha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días polapraza que lles interese.

A Coruña, 2 de marzo de 2023.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 0738

## MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

### CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

#### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

De conformidad con lo establecido en los artículos 161 y ss del Reglamento del Dominio Público Hidráulico, aprobado mediante Real Decreto 849/1986, de 11 de abril (BOE de 30 de abril), la Confederación Hidrográfica del Cantábrico O.A. ha acordado iniciar el expediente de extinción del derecho al uso privativo de las aguas por fin del plazo concesional y, en su caso, posibles servidumbres, cuyos datos registrales se relacionan a continuación:

| EXPEDIENTE | TITULAR  | RÍO       | MUNICIPIO       | CAUDAL (l/seg) | RESOLUCIÓN Fecha/Autoridad | Nº INSCRIPCIÓN |
|------------|--|-----------|-----------------|----------------|----------------------------|----------------|
| A/27/06626 | C.U de las Aguas del manantial A Fontiña de Coea | A Fontiña | Navia de Suarna |                | 16/05/1997CHN              | 6728           |

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de UN MES, contado a partir de la fecha de publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, a fin de que los que se consideren afectos por la extinción de los referidos aprovechamientos puedan manifestar lo que consideren conveniente, durante el indicado plazo, ante la Confederación Hidrográfica del Cantábrico O.A.

Oviedo, 10 de marzo de 2023- La Titulada Superior de Gestión y Servicios Comunes, María Soledad Acuña Rubio.

R. 0740

## CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

**Expediente:** A/27/10831/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Gavisa, C.B. (Mesón da Cabra)

Nombre del río o corriente: Un pozo

Punto localización: Paraje Chousa de Camporada, carretera P-170 de Momán a Parga

Término municipal y provincia: Guitiriz, Lugo

Caudal concedido: 0,4320 l/s

Destino: Uso doméstico y riego

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 26 de septiembre de 2002

Registro de Aguas: 5296, Sección B, en el Tomo 0053, hoja número 096

#### BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas iniciado por renuncia del titular. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Concello de Guitirizo** en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 8 de marzo de 2023.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0741

### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

**Expediente:** A/27/04649/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: D. Benito Vázquez Cortón

Nombre del río o corriente: Manantial Fonte de Quintá

Punto localización: Barreiros, barrio de Penamazada, parroquia de Balonga

Término municipal y provincia: Pol, Lugo

Caudal concedido: 0,011 l/s

Destino: Uso doméstico

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 29 de noviembre de 1995

Registro de Aguas: 4651, Sección A, en el Tomo 0047, hoja número 051

**BREVE DESCRIPCIÓN:**

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Concello de Pol** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 9 de marzo de 2023.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0742

---